



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 12 DE XUÑO DE 2026

PRESIDENTA ACCIDENTAL:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

(Resolución de Alcaldía nº 360/2026 do 11 de xuño)

MEMBROS:

ISMAEL DURÁN BEREJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución nº 357/2026 do 10 de xuño)

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:49 horas do día 12 de xuño de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 29.05.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 29.05.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR TRADICIONAL NA

A NOME DE

EXPTE

2024/U022/000039

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.06.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 12.06.2026, que literalmente di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente: 2024/U022/000039

Asunto: Licenza de edificación para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar tradicional na a nome de

Interesado/a:

Situación:

Referencia catastral:

Procedemento: Licenza de edificación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Título do documento	PROYECTO BÁSICO MODIFICADO DE REHABILITACIÓN Y AMPLIACIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR
Data documento	Novembro 2025
Redactor/a	Manuel Amable Varela Caabeiro, arquitecto COAG 2117
Data incorporación expediente	22/11/2025 - rexistro de entrada 202599900002490

Informes municipais

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	21.05.2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	08.06.2026

Afeccións sectoriais

Organismo	Afección/Autorización	Doc.	Consta	Observacións
Patrimonio cultural	Contorno de protección da Muralla da Vila de Cedeira (GA15022032) e outros bens do patrimonio cultural.	PBA	SI	Resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no expediente 1791/24, condicionada ao cumprimento do control arqueolóxico.
Patrimonio	Control e seguimento arqueolóxico	PBA	SI	Autorizado no expediente SXPA



cultural das obras.

CT.102A.2024/599-0, baixo dirección de Vanesa Trevín Pita, cunha duración prevista de 5 xornadas.

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial en núcleo antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA do PXOM de Cedeira
Finalidade da actuación	Rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar tradicional existente, coa mellora das condicións estruturais, de habitabilidade, salubridade e comportamento enerxético, desenvolvida en planta baixa, planta primeira e baixo cuberta
Uso ó que se destinará	Residencial vivenda 1ª categoría. Vivenda unifamiliar entre medianeira
Tipo de obras	Obras de rehabilitación e ampliación suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	E posible solicitalas
Redactor/a	Manuel Varela Caabeiro, arquitecto COAG 2117
Dirección da obra	Manuel Varela Caabeiro, arquitecto COAG 2117
Dirección de execución da obra	Juan Filgueiras Peña, arquitecto técnico COATAC 1514



Coordinación de seguridade e saúde Juan Filgueiras Peña, arquitecto técnico COATAC 1514

Orzamento de execución material 123.980,00 €

Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos:

- N° plantas B+1+BC
- Altura cornixa: 6,33 m
- Volume: 603 m³
- Superficie construída: 176,00 m²
- Ocupación: 100 %

Condicións particulares:

1. A licenza outórgase con eficacia diferida: a documentación achegada, correspondente a proxecto básico, considérase suficiente para o outorgamento da licenza municipal, pero insuficiente para o inicio das obras, que quedará condicionado á achega do correspondente proxecto de execución.
2. O proxecto de execución deberá axustarse ao proxecto básico informado favorablemente, sen introducir modificacións substanciais, e deberá incorporar a definición completa das solucións construtivas, estruturais, instalacións, seguridade, salubridade, habitabilidade e xestión de residuos.
3. As obras deberán executarse conforme ao contido das autorizacións sectoriais.
4. Finalizadas as obras, deberá presentarse certificado final de persoa técnica competente e acreditación da correcta xestión dos residuos de construción e demolición.
5. Autorízase a excepcionalidade indicada das NHV, nos termos estritamente xustificadas no proxecto, mantendo a obriga de cumprimento do resto das determinacións aplicables.
6. A licenza non ampara actuacións sobre a edificación auxiliar situada noutra referencia catastral, que deberá tramitarse, se procede, mediante solicitude e documentación independente.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder a excepcionalidade, en cumprimeto do Decreto 29/2010, de Habitabilidade de vivendas de Galicia, e dar traslado do acordo á Dirección Xeral do IGVS, das seguintes determinación das NHV:

- Anexo I.A.1.2.d) Protección das vistas desde os espazos públicos.



2.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

3.- As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.

4.- Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5.- Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.

6.- Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7.- Notificar o presente acordo á persoa interesada dándolle así mesmo traslado ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE SEGREGACIÓN E PARCELACIÓN. EXPTE 2025/U018/000001

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.06.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 12.06.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente:	2025/U018/000001
Asunto:	Licenza de segregación e parcelación
Interesado/a:	
Situación:	
Referencia catastral:	
Procedemento:	Licenza de segregación e parcelación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Título do documento	ROYECTO DE PARCELACIÓN DE FINCA
---------------------	---------------------------------



Data documento 13/02/2026
Redactor/a Jorge Juan Álvarez Castrillón ITA
Data incorporación expediente 02/03/2026

Informes municipais

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	21.05.2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	09.06.2026

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo non urbanizable
Cualificación urbanística PX	Solo non urbanizable de núcleo rural
Clasificación do solo LSG	Solo de núcleo rural
Cualificación / Categoría LSG	-
Ordenanza aplicable	Ordenanza NN
Finalidade da actuación	Licenza de parcelación
Redactor	Jorge Juan Álvarez Castrillon ITA
Situación	
Referencia catastral	
Nome ou razón social do promotor	
Parcelas resultantes	

Parcela	Denominación	Cualificación urbanística PX	Clasificación LSG	Ordenanza	Superficie bruta	Superficie cesión	Superficie neta	Edificable
Parcela A	Resto de finca matriz	Solo non urbanizable de núcleo rural	Solo de núcleo rural	Ordenanza NN	1.673 m ²	0 m ²	1.673 m ²	Si
Parcela B	Segregada 1	Solo non urbanizable de núcleo rural	Solo de núcleo rural	Ordenanza NN	770 m ²	0 m ²	770 m ²	Si
Parcela C	Segregada 2	Solo non urbanizable de núcleo rural	Solo de núcleo rural	Ordenanza NN	770 m ²	0 m ²	770 m ²	Si
Parcela D	Cesión a viais	Solo non urbanizable de núcleo rural	Solo de núcleo rural	Ordenanza NN	237 m ²	237 m ²	0 m ²	Non
Cesión de viario:			237m ²					


Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1.- Conceder a a licenza de segregación/parcelación urbanística solicitada, incorporando como anexo a copia do plano parcelario correspondente e fichas descriptivas dos lotes resultantes.

5º) Dilixenciar o proxecto e planos obxecto desta licenza.

7º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”





FICHAS DE PARCELAS RESULTANTES

CVD: ondshvPt+jJG13Sta78w Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>
FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 18/06/2026 12:03:00) ,
María José Pernas Díaz (FECHA: 19/06/2026 08:46:00)

Versión imprimible

CVD: bJdgx86ARNqrXIXrw3v7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>



FICHAS RESULTANTES

FINCA MATRIZ

FINCA A. Resto de finca matriz

Superficie	1.701m2
Linderos	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural (NN)
Parcela edificable	Sí
Parcela divisible	No



FICHAS RESULTANTES

FINCA SEGREGADA	FINCA B RESULTANTE
Superficie	770m2
Linderos	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural (NN)
Parcela edificable	Sí
Parcela divisible	No



FICHAS RESULTANTES

FINCA SEGREGADA	FINCA C RESULTANTE
Superficie	770m2
Linderos	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural (NN)
Parcela edificable	Sí
Parcela divisible	No



FICHAS RESULTANTES	
Cesión D a viales	
Superficie	117m2
Linderos	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural (NN)
Parcela edificable	No
Parcela divisible	No

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/26. EXPEDIENTE: 2026/G006/000153

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 10.06.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000153

Asunto: RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/26

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2026/26 que suma un importe total de 90.783,81€:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1311	V-FACTUR26 2026/1206	30/04/2026	A15379803	SOGAMA	Tratamento RU Abril	SE	1623	22799	21.827,66 €
F/2026/1477	26 220	31/05/2026	B82485855	HALLKUSS	RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RSU E LIMPEZA VIARIA MAYO	SE	1621	22700	68.956,15 €
								TOTAL	90.783,81 €

Visto o informe favorable de Intervención de data 10.06.2026 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2026/26.



Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, que é o prorrogado do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollerse para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2026/26 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2026 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 90.783,81 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 90.783,81 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



5. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DO 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 10.06.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DO 2026.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de maio 2026 que empeza por cun importe de 83,42 € e finaliza con cun importe de 148,33 € e se compón de 46 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4990,15 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de maio 2026 que empeza por cun importe de 37,80 € e finaliza con cun importe de 28,80 € e se compón de 5 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 319,79 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



6. APROBACIÓN PROVISIONAL DOS PADRÓNS FISCAIS 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.06.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN PROVISIONAL DOS PADRÓNS FISCAIS 2026.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de 4 de xuño de 2021, publicouse a ordenanza fiscal 2.11 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 248 do 29 de decembro de 2015, publicouse a ordenanza fiscal 3.2 reguladora da taxa de vaos por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos e de carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 248 do 29 de decembro de 2015, publicouse a ordenanza fiscal 3.1 reguladora da taxa polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

No Boletín oficial da provincia da Coruña número 244 do 24 de decembro de 2021, publicouse a ordenanza fiscal 3.3 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Visto que con data 10.06.2026 foi emitido informe de tesourería accidental.

Tendo en conta que a competencia para a aprobación dos Padróns Fiscais corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía aprobada mediante decreto 345, de 10 de xullo de 2023.

Polo exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación provisional do Padrón da Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos para o exercicio 2026, por un total de 6.147 recibos e un importe de 404.474,53 €

SEGUNDO.- A aprobación provisional do Padrón da Taxa de Vaos para o exercicio 2026, por un total de 312 recibos e un importe de 13.883,00 euros.

TERCEIRO.- A aprobación provisional do Padrón da taxa polo aproveitamento especial ou a utilización privativa do dominio público local para o exercicio 2026, por un total de 11 recibos e un importe de 1.692,00 euros.

CUARTO.- A aprobación provisional do Padrón da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa para o exercicio 2026, por un total de 45 recibos e un importe de 14.417,00 euros.

QUINTO.- Publicar o acordo no BOP e proceder a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello, durante o prazo de 15 días, para que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións.



SEXTO.- No caso de non presentarse reclamacións o padrón provisional elevárase a definitivo sen necesidade de novo acordo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000210

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 03.06.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000210.

Solicitude: 202600000001797

Data: 02/06/2026

Solicitante: DEPUTACIÓN DA CORUÑA

S/EXPTE: 2025EXP35005273

ANTECEDENTES

Datos ben inmobile:

Enderezo: R/

Ref. catastral

Nº fixo recibo: 253000643568

Exercicios: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña, Tesouraría – Servizo Recadación – Zona 5, expte. 2025EXP35005273, en data 02/06/2026 e nº de rexistro de entrada 202600000001797, de proposta de baixa ou rectificación de datos para anulación dos recibos da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e liquidación do exercicio 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo; e comunícase pola Deputación da Coruña que concorren as circunstancias para a anulación das taxas indicadas por variación do titular catastral do inmobile, e liquidación ao actual obrigado tributario ditas taxas.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóbeis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
----------------	----------	---------	---------	---------



						PROP. (50,00%)
						PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643568	20253515022RL01R003164		"	"	"	2025

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643568	20253515022RL01R003164		"	"	"	2025

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo ao interesado.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA PARA O ANO 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.06.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/A005/000001

Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA PARA O ANO 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Resultando que no “ANEXO DE RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS” que acompaña ao Orzamento Municipal para o ano 2026, na aplicación orzamentaria 135.0/489.00, figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a CATORCE MIL CINCOCENTOS EUROS (14.500,00 €) e na aplicación orzamentaria 135.0/789.00 por importe de SEIS MIL EUROS (6.000,00€) sendo a beneficiaria a entidade “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143 e coa finalidade de “*colaboración por parte do Concello de Cedeira ao financiamento dos gastos correntes e investimentos precisos para un axeitado funcionamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira*”.

Vista a solicitude de subvención formulada por don Alberto Díaz García con DNI (nº de asento no rexistro de entrada de documentos do concello: 202699900001207, de data de 04.06.2026), en calidade de presidente da “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143, na que solicita subvención para contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento da Asociación.

Vista a memoria xustificativa da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade da “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 10.06.2026.

Vista a proposta de borrador do Convenio Regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 10.06.2026, e no cal se prevé una aportación de CATORCE MIL CINCOCENTOS EUROS (14.500,00 €) e na aplicación orzamentaria 135.0/789.00 por importe de SEIS MIL EUROS (6.000,00€), para contribuír ao financiamento “*dos gastos correntes e investimentos precisos para un axeitado funcionamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira*”.

Resultando que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL), o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso as competencias en materia de protección civil (artigo 25.2 f), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL).



Resultando que de conformidade co artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que dispón: “*Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

a) *As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que ao menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) *Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*

c) *Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”; e co artigo 28.1 da citada lei: “Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos”; e co Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, artigo 65: “Procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.”.*

Resultando que con data de 10.06.2026, emítese informe de fiscalización favorable de intervención á aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143.

Atendido o certificado de existencia de crédito suficiente e necesario para financiar o gasto e ao disposto na base 30 e no anexo das bases de execución do orzamento para o exercicio 2026.

Resultando que o Concello de Cedeira conta cun Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2026, aprobado en data de 26.03.2026, no que figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a CATORCE MIL CINCOCENTOS EUROS (14.500,00 €) e na aplicación orzamentaria 135.0/789.00 por importe de SEIS MIL EUROS (6.000,00€), sendo a beneficiaria a entidade “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143.

Resultando que, con respecto ao órgano competente para a concesión de subvencións, é a Xunta de Goberno Local, tal e como se establece no Decreto de Alcaldía nº 345/2023, de data de 10.07.2023 que no seu punto terceiro: “*A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións: 9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración.*”; e que na base 30, do Título II, das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2026, establécese a concesión e pagamento das subvencións.

En base ao anterior, esta Alcaldía, **PROPOÑE** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143, nos termos en que figura no expediente, co seguinte texto:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA



En Cedeira, a **** de 2026

REUNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido do Secretario da Corporación, Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Alberto Díaz García, provisto de D. N. I. Núm. na súa condición de Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira con C. I. F. G15760143 e domicilio social en Rúa dos Deportes s/n, Cedeira.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira ten como finalidade social adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, actuar en caso de risco ordinario e protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e o medio ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou continxencias análogas, tal e como ven definido na Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia.

2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades e o funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira (AVPC) de acordo coas súas competencias en materia de protección civil atribuídas polo artigo 25.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data **** de 2026 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio, a colaboración por parte do Concello de Cedeira ao financiamento dos gastos correntes e investimentos precisos para un axeitado funcionamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

Considéranse investimentos os bens inventariables cun custo unitario superior a 100 euros. O obxecto do investimento deberase manter no inventario da entidade beneficiaria durante un período mínimo de dous anos, contados desde o momento da súa adquisición.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha subvención nominativa de 20.500 € que se reparten do seguinte xeito:

- 14.500,00 € destinados a gastos en actividades con cargo a aplicación orzamentaria 135 48900.
- 6.000,00 € destinados a investimentos con cargo a aplicación orzamentaria 135 78900.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria.

A AVPC deberá cumprir a finalidade propia das actividades da protección civil na promoción de prevención e autoprotección cidadana, así como a colaboración, auxilio e apoio aos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas na lexislación, nos seus Estatutos, no Plan de Emerxencias Municipal e demais plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das labores da AVPC se entenden engadidas cantas actuacións de protección e prevención de persoas ou bens nos eventos celebrados en Cedeira, sexan ou non organizados polo Concello aínda que terán sempre prioridade tanto os organizados polo Concello como polas asociacións ou entidades rexistradas no mesmo, como os solicitados polo 112, e especialmente nos que se prevea afluencia notable de persoas, ou en auxilio da Policía Local e outros Forzas e Corpos de Seguridade cando estes o soliciten.

Do mesmo xeito a entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos e/ou actividades obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poida realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

1. C. I. F. da entidade
2. Certificado da Secretaría da composición da Xunta Directiva e da capacidade a Presidencia para firmar o convenio.



3. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
 4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2026, referidos ás actividades e investimentos subvencionados.
 5. Declaración responsable asinada pola Secretaría da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de entidade beneficiaria, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados acreditativos ou autorizando a súa comprobación polo Concello; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio.
 6. Declaración do secretario da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
 7. Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
- No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira, en particular:

- Inversión en bens e equipos relacionados con Protección Civil
 - Gastos de reparacións e mantemento de instalacións. Incluindo entre outros en este concepto: electricidade, auga, alcantarillado, material de oficina, teléfono e internet, vixilancia, produtos de limpeza.
 - Gastos de reparacións e mantemento de vehículos e maquinaria adscritos a Protección Civil. Incluindo entre outros en este concepto: Combustíbeis, seguros, revisións de material, etc.
 - Inversión en gastos en uniformidade segundo establece a regulación da Xunta en acreditación, uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa de estas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias.
 - Inversión e gasto en equipamento e material relacionado con as emerxencias que atende a AV Protección Civil, tales como: Incendios, salvamento, primeiros auxilios, plans especiais, etc.
 - Inversión e gasto en equipamento e material relacionado con plans especiais subscritos ou que atende por delegación a AV Protección Civil, tales como: Servizos en beneficio da comunidade, Socorrismo, Control de pragas, etc.
 - Dietas de aloxamento, manutención e gastos de viaxe, cando estean relacionados con operativos especiais autorizados polo Concello, ou realización de cursos de formación de Protección Civil, en termos similares aos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.
 - 50% do custo dos permisos de condución B e C, Autorización Federativa para Embarcacións, e aqueles outros permisos ou licencias necesarios para o desenvolvemento das actividades da AVPC.
 - Gastos relacionados co control de animais, pragas, especies invasoras, etc.
 - Gastos ocasionados nos operativos de PC, relacionados coa loxística e o avituallamento dos operativos.
 - Gastos ocasionados con recoñecementos públicos, honras, condecoracións, e/ou a concesión de medallas e distincións por feitos relacionados coa Protección Civil, segundo normativa aplicable da Xunta de Galicia e/ou a ANAV Protección Civil.
 - Cantidades non aboadas de subvencións recibidas doutras Administracións Públicas ata chegar a contía do 100%. Porcentaxes restantes de subvencións parciais recibidas doutras Administracións Públicas.
- Non están incluídas as atencións estritamente protocolarias, comidas, agasallos e de similar natureza.

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se exixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboarase unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2027** a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.
2. Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
4. Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:



- Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.
- A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
- A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o perceptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibo do emisor da factura na mesma.

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.
7. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.
8. Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2026.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- a) A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- b) Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado, a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

Pola AVPC de Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

O Presidente
Alberto Díaz García

O SECRETARIO

Nedal Pablo Shehadeh Rey”

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, para a sinatura do convenio regulador de referencia.



TERCEIRO.- Conceder á entidade “Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira” con CIF G15760143, representada por don Alberto Díaz García con DNI 32659153G, unha subvención por importe máximo de CATORCE MIL CINCOCENTOS EUROS (14.500,00 €) e na aplicación orzamentaria 135.0/789.00 por importe de SEIS MIL EUROS (6.000,00€),, do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2026, tendo en conta o interese público que a mesma supón e coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento da asociación.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á entidade interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE REDE SEPARATIVA EN RÚA MOECHE. FCA 2026. Nº Expediente: 2026/C003/000009

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.06.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Nº Expediente: 2026/C003/000009

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE REDE SEPARATIVA EN RÚA MOECHE. FCA 2026

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "REDE SEPARATIVA EN RÚA MOECHE", segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en abril de 2026, cun orzamento que ascende á cantidade de 91.556,67 € IVE incluído.

O citado proxecto técnico está incluído na subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2026.

A actuación que se pretende é construción dunha rede de pluviais e unha rede de saneamento na rúa Moeche, xunto coa recollida e conexión de todas as baixantes de pluviais existentes nos edificios anexos, e a reposición dos firmes afectados.

Consta así mesmo no expediente o informe técnico emitido polo redactor do proxecto en novembro de 2025 sobre o cumprimento de condicións deste documento coas autorizacións sectoriais citadas.

Constan así mesmo no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2025/C003/000004:

- o Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en abril de 2026, cun orzamento que ascende ao importe de 91.556,67 € IVE incluído.
- o Providencia da Alcaldía de data 02.06.2026 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- o Informes técnicos sobre a non división en lotes, sobre a disponibilidad de terreos e sobre a non necesidade de supervisión técnica, de datas 02.06.2026 e 09.06.2026.
- o Acta de replanteo previo de data 09.06.2026
- o Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 10.06.2026 asinado pola Alcaldía.



- o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 10.06.2026.
- o Informe xurídico favorable, de data 10.06.2026
- o Informe de fiscalización favorable, de data 11.06.2026

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria e con un único criterio de adxudicación, da execución das obras de “REDE SEPARATIVA EN RÚA MOECHE” con proxecto redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en abril de 2026 cun orzamento que ascende ao importe de 91.556,67 €, IVE incluído.

SEGUNDO. Autorizar o gasto por importe de 91.556,67 € IVE incluído (75.666,67 € e 15.890,00 en concepto de IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 160.629.00 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio económico 2026.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “REDE SEPARATIVA EN RÚA MOECHE” por procedemento aberto simplificado **abreviado** e asinado pola Alcaldía con data 10.06.2026.

CUARTO. Nomear como membros da unidade técnica de valoración para o contrato administrativo de obras de referencia ás persoas que a continuación se indican:

- O secretario municipal: Neda Pablo Shehadeh Rey ou a persoa que o substitúa.
- A interventora municipal: Carmen Menéndez Ares ou a persoa que a substitúa.
- O arquitecto municipal: Antonio Rodríguez Fabello ou a persoa que o substitúa.

Para a válida actuación da unidade técnica bastará a asistencia dun mínimo de dous membros.

QUINTO. Publicar a composición da Unidade Técnica na Plataforma de Contratos do Estado e o anuncio de licitación expresando que o prazo de presentación de proposicións será de **dez (10) días hábiles** contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 307/2026 DE DATA 26.05.2026 DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA PARA ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E MELLORA DAS COLECCIÓN-CT235A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 307/2026 de data 26.05.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA PARA ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E MELLORA DAS COLECCIÓN-CT235A



Vista a Orde do 13 de abril de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia para a adquisición de novidades editoriais en galego e mellora das coleccións para o ano 2026.

Considerando que no artigo 30 se establece que a contía do importe dos fondos bibliográficos a que accede o concello en función do número de habitantes correspondente ao ano 2024, con cargo á subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, é dun máximo de 1.500 euros o artigo 35 establece para a mellora das coleccións bibliográficas un máximo de 2.000 euros.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 13 de abril de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia para a adquisición de novidades editoriais en galego e mellora das coleccións para o ano 2026.

Terceiro.- Manifestar que a representación do Concello para asinar dita solicitude corresponde ao Alcalde-Presidente do mesmo, cargo desempeñado a día de hoxe por D. Pablo Diego Moreda Gil.

Cuarto.- Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita convocatoria.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 315/2026 DE DATA 27.05.2026 DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR (EXPTE 2026/A006/000005)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 315/2026 de data 27.05.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR (EXPTE 2026/A006/000005)

Visto o Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e



Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, asinado o 11.03.2026, que ten por obxecto establecer os mecanismos para consolidar unha rede de apoio territorial que non só interveña ante situacións de acoso escolar, senón que actúe de forma preventiva para garantir o benestar e desenvolvemento integral do alumnado galego nun clima de convivencia positiva.

Vista a memoria xustificativa que existen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

Visto o informe de Secretaría de data 26 de maio de 2026.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

Considerando o interese deste Concello da adhesión ao dito convenio.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente e as delegacións previstas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo, por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar a adhesión ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR, que se incorpora como anexo desta Resolución.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura da adhesión ao convenio

CUARTO.- Dar traslado do documento de adhesión, debidamente asinado, á Fegamp.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

ANEXO



Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar

En Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Don **ALBERTO VARELA PAZ**, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (CIF V15160963) que actúa en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema

educativo de calidade o impulso de contornas escolares seguras, inclusivas e respectuosas na que o acoso e o ciberacoso escolar no teñan cabida. O seu coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos vén sendo unha máxima da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos últimos anos.

Neste contexto, a Estratexia galega de convivencia escolar 2025 e o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar recollen unha planificación xeral a seguir con iniciativas destinadas a fomentar unha convivencia de calidade e sen conflitos.

3. A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, afirma que a educación debe fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social.

4. A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI), que no capítulo IV, desenvolve diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos que se consideran imprescindibles ao ter en conta que se trata dunha contorna de socialización central na vida das nenas, nenos e adolescentes.

5. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

6. Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) de acordo co establecido no artigo 6,1b) dos seus estatutos ten entre os seus fins "promover, representar e defender os intereses de todas as entidades locais ante outras administracións públicas" e goza de plena capacidade para suscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 de seus estatutos.

A disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de



Administración Local de Galicia, establece que a Federación Galega de Municipios e Provincias recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar en base ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

Este convenio establece os mecanismos para consolidar unha rede de apoio territorial que non só interveña ante situacións de acoso escolar, senón que actúe de forma preventiva para garantir o benestar e desenvolvemento integral do alumnado galego nun clima de convivencia positiva.

Esta rede terá os seguintes obxectivos:

- 1) Fortalecer a coordinación entre institucións e entidades locais para prever, detectar e abordar de forma eficaz os casos de acoso e ciberacoso no ámbito escolar.
- 2) Establecer un seguimento sistemático e continuado dos posibles casos, incorporando unha perspectiva territorial que garanta a implicación activa de todos os actores responsables a nivel local.
- 3) Ofrecer apoio estruturado e colaborativo aos centros educativos na xestión de situacións de acoso e ciberacoso, favorecendo respostas áxiles, integradas e adaptadas a cada contexto.



- 4) Promover a prevención como eixo central da intervención, impulsando unha cultura de convivencia positiva, respecto e tolerancia cero cara a calquera forma de violencia.
- 5) Fomentar a formación continua e especializada dos axentes implicados, co fin de dotalos de ferramentas actualizadas e criterios comúns de actuación.
- 6) Diseñar e implementar programas específicos e contextualizados, que respondan as características e necesidades particulares de cada contorna local.
- 7) Reducir a incidencia de casos que requiran a activación do protocolo de acoso escolar, mediante estratexias de detección tempera e unha intervención preventiva ben coordinada.

Segunda. Ámbito de aplicación

O presente convenio é de aplicación á Comunidade Autónoma de Galicia, tanto para a administración autonómica como para as entidades locais territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Terceira. Adhesión ao convenio

Os concellos poderán adherirse á Rede de Concellos contra o acoso escolar creada no marco do presente convenio mediante a súa incorporación a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), conforme ao procedemento que dita entidade estableza para tal fin. A adhesión así formalizada fornecerá os mesmos efectos xurídicos que a subscrición directa do presente convenio.

Cuarta. Desenvolvemento da colaboración

Os compromisos das partes que se derivan da subscrición deste convenio son os seguintes:

Compromisos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional





a) Asumir a xestión derivada das actuacións previstas no presente convenio, comprometéndose a levar a cabo as tarefas administrativas, técnicas e operativas necesarias para a súa correcta execución, seguimento e avaliación.

b) Promover unha formación integral, colaborativa e conxunta dirixida aos profesionais dos sectores de educación, sanidade, servizos sociais e demais ámbitos afíns, así como ao persoal dos concellos adheridos cuxa actividade poida estar directamente vinculada á intervención, xestión ou prevención de situacións de acoso.

c) Solicitar activamente o apoio e a participación daqueles outros departamentos da Xunta de Galicia, entidades e institucións necesarias para o cumprimento das iniciativas e actuacións a desenvolver no marco da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

d) Dotar de "Puntos Laranxa" aos concellos que o soliciten.

2.- Compromisos da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)

a) Colaborar na difusión de iniciativas e actuacións de éxito orientadas á prevención e intervención fronte ao acoso escolar.

b) Desenvolver labores de intermediación entre a Xunta de Galicia e os concellos adheridos en relación coas actuacións a levar a cabo no marco desta red.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o persoal dos concellos adheridos e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décima primeira. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se

establecen.

- O acordo unánime de todos os asinantes.

- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. Vixencia

A vixencia do presente convenio será de catro (4) anos, contados a partir da data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo terceira. Modificación do convenio

O contido do convenio poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como



destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL
O CONSELLEIRO,



Román Rodríguez González

POLA FEDERACIÓN GALEGA DE
MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)

O PRESIDENTE,



Alberto Varela Pérez

”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 342/2026 DE DATA 05.06.2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DEL SECRETARIO DE ESTADO DE CULTURA POR LA QUE SE CONVOCAN LAS SUBVENCIONES PARA LA MODERNIZACIÓN Y SOSTENIBILIDAD DE LAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPALES, CORRESPONDIENTES AL AÑO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 342/2026 de data 05.06.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DEL SECRETARIO DE ESTADO DE CULTURA POR LA QUE SE CONVOCAN LAS SUBVENCIONES PARA LA MODERNIZACIÓN Y SOSTENIBILIDAD DE LAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPALES, CORRESPONDIENTES AL AÑO 2026.

Vista a Resolución del Secretario de Estado de Cultura por la que se convocan las subvenciones para la modernización y sostenibilidad de las bibliotecas públicas municipales, correspondientes al año 2026.

Visto o proxecto “enCULTÚRate, enCEDÉIRate” consistente en mellorar a calidade dos servizos prestados pola Biblioteca Municipal de Cedeira mediante a renovación parcial do seu equipamento.

Tendo en conta que segundo a Resolución de convocatoria no punto duodécimo establece que, as axudas concedidas no poderán superar o 60 % do total do custo do proxecto presentado cun máximo de axuda de 3.000€ para a Modalidade 3: Mobiliario e equipamento tecnolóxico.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Ley 40/2015 de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público.



Segundo.- Aprobar o proxecto “enCULTÚRate, enCEDÉIRate” consistente en mellorar a calidade dos servizos prestados pola Biblioteca Municipal de Cedeira mediante a renovación parcial do seu equipamento.

Terceiro.- Solicitar subvención na Modalidade 3 ao abeiro da Resolución del Secretario de Estado de Cultura por la que se convocan las subvenciones para la modernización y sostenibilidad de las bibliotecas públicas municipales, correspondientes al año 2026 para o proxecto “enCULTÚRate, enCEDÉIRate” co seguinte orzamento e importe solicitado:

Cantidad	Concepto/producto	Coste por unidad (€)	Coste total (€)	Aportación propia (€)	Ayuda solicitada (€)
1	Estantería de alto 253 cm de altura x 60 cm de ancho por fondo de 25 cm. Estantes de altura 30 cm	475	475	190	285
1	Estantería de alto 253 cm x 40 de ancho e 29 de fondo, con costado visto. Estantes cada 25 cm	475	475	190	285
1	Estantería de alto 253 cm x 40 de ancho x 25 de fondo, con costado visto. Estantes cada 25 cm.	475	475	190	285
1	Estantería de alto 160 cm x 150 de ancho y fondo 37 cm, con falso escuadro, en esquina de radiador. Estantes cada 30 cm	475	475	190	285
1	Optoma. Proyector láser GT1090HDRx Entrada HDR 4K 4,200 lúmenes	2000	2000	800	1200
TOTAL (€)				1.560€	2.340€

Quinto.- Aceptar as condicións e demais requisitos esixidos na Orde de Convocatoria.

Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 344/2026 DE DATA 08.06.2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "NAVE PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS" AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE ABRIL DE 2026 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ESTABLECEN



OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO. PR486E

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 344/2026 de data 08.06.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “NAVE PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS” AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE ABRIL DE 2026 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO. PR486E

Vista a Orde do 27 de abril de 2026 pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado á realización de investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico (código de procedemento PR486E)., publicada no DOGA número 85 de 08 de maio de 2026.

Visto o proxecto coa denominación “Nave para desenvolvemento de actividades acuáticas” cun orzamento sen IVE de 332.370,57€ e IVE incluído de 402.168,39€.

Visto que, segundo o artigo 5 da Orde de convocatoria, o importe máximo inicial da asignación por concello establécese nun 50% do orzamento e co límite de 500.000 € por proxecto estratéxico.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Orde do 27 de abril de 2026 para a realización do proxecto “Nave para desenvolvemento de actividades acuáticas” cun orzamento IVE incluído de 402.168,39€ e solicitar subvención polo 50% do orzamento presentado, 201.084,20€.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 350/2026 DE DATA 09.06.2026 DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA PARA O ANO 2026



Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 350/2026 de data 09.06.2026, que di:

“Expediente: 2026/A004/000001

Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA AÑO 2026

DECRETO DE ALCALDÍA

Resultando que no “ANEXO DE RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS” que acompaña ao Orzamento Municipal para o ano 2026, na aplicación orzamentaria 334.0/489.00, figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a VINTE MIL EUROS (20.000,00 €), sendo a beneficiaria a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527 e coa finalidade de “*O financiamento por parte do Concello de Cedeira para gastos de funcionamento da Asociación Mares de Cedeira, e en particular:*

- *Contratación de monitor para o Museo Mares de Cedeira*
- *Mantemento do Museo Mares de Cedeira (electricidade, limpeza, seguro).”.*

Vista a solicitude de subvención formulada por don Adolfo Picos Rodríguez, con DNI (nº de asento no rexistro de entrada de documentos do concello: 202699900000954, de data de 07.05.2026), en calidade de representante legal da “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, na que solicita subvención para contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento da Asociación.

Vista a memoria xustificativa da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade da “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 13.05.2026.

Vista a proposta de borrador do Convenio Regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 08.06.2026, e no cal se prevé una aportación de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 334.0/489.00, do orzamento vixente do ano 2026, para contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento da Asociación Mares de Cedeira, e en particular:

- *Contratación de monitor para o Museo Mares de Cedeira*
- *Mantemento do Museo Mares de Cedeira (electricidade, limpeza, seguro).*

Resultando que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL), o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso as competencias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais (artigo 25.2 m), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL).



Resultando que de conformidade co artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que dispón: *“Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que ao menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”; e co artigo 28.1 da citada lei: “Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos”; e co Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, artigo 65: “Procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.”.

Resultando que con data de 08.06.2026, emítese informe de fiscalización favorable de intervención á aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527.

Resultando que, con respecto ao órgano competente para a concesión de subvencións, é a Xunta de Goberno Local, tal e como se establece no Decreto de Alcaldía nº 345/2023, de data de 10.07.2023 que no seu punto terceiro: *“A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións: 9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración.”;* e que na base 30, do Título II, das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2026, establécese a concesión e pagamento das subvencións.

Atendido o certificado de existencia de crédito suficiente e necesario para financiar o gasto e ao disposto na base 30 e no anexo das bases de execución do orzamento para o exercicio 2026.

Resultando que o Concello de Cedeira conta cun Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2026, aprobado en data de 25.03.2026, no que figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a VINTE MIL EUROS (20.000,00 €), na aplicación orzamentaria 334.0/489.00, sendo a beneficiaria a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527.

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións á aprobación do Convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, para que a entidade poida facer fronte aos gastos de funcionamento do ano en curso.



En base ao anterior, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar para si o coñecemento do expediente nº 2026/A004/000001, en canto á aprobación do Convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, e así poder atender ás necesidades de financiamento dos gastos correntes da entidade.

SEGUNDO.- Aprobar o Convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, nos termos en que figura no expediente, co seguinte texto:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA

En Cedeira, a ***** de 2026

REÚNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria accidental, M^a del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Adolfo Picos Rodríguez, provisto de D.N.I. Núm. na súa condición de Presidente da Asociación Mares de Cedeira con C.I.F. G70429527 e domicilio social en Cmno Real da Magdalena, planta 3, porta B, Cedeira.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Asociación Mares de Cedeira, dedícase, entre outras, a creación e desenvolvemento do Museo do Mar de Cedeira e a difusión da cultura mariñeira en especial daquela que atinxe aos homes e mulleres do mar de Cedeira, dando a coñecer o traballo de mariñeiros, mariscadores, redeiras, percebeiros e outros traballadores e traballadoras do mar.

2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da Asociación Mares de Cedeira en base ás súas competencias en materia de promoción da cultura e a actividade turística de interese e ámbito local.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data ***** de 2026 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Mares de Cedeira, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio, a colaboración por parte do Concello de Cedeira ao financiamento dos gastos de funcionamento da Asociación Mares de Cedeira, e en particular:

- Contratación de monitor para o Museo Mares de Cedeira
- Mantemento do Museo Mares de Cedeira (electricidade, limpeza, seguro)

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes achegas cunha subvención nominativa de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334 48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2026, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asociación Mares de Cedeira.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo iso, sen prexuízo de que, no caso de que non se poida realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

- 1) C. I. F. da entidade
- 2) Certificado da secretaría da composición da Xunta Directiva e da capacidade da presidencia para firmar o convenio.
- 3) Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
- 4) Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2026, referidos ás actividades subvencionadas.
- 5) Declaración responsable asinada polo Secretario da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. No presente caso, por superar o importe subvencionado a contía de 3.000,00 € será necesario para a sinatura do convenio, que se acredite a devandita situación de cumprimento coas obrigas tributarias e a Seguridade Social, a este efecto,



coa sinatura do presente convenio se autoriza a comprobación polo Concello destas circunstancias; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio. 6) Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.

No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asociación Mares de Cedeira incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Salarios de persoal
- Gastos de electricidade, limpeza, auga, teléfono, internet e outras subministracións.
- Seguro do Museo
- Gastos de xestión
- Alugueres
- Material didáctico
- Catálogos e publicacións
- Restauración de pezas
- Ampliación expositores
- Ampliación sala exposicións (electricidade, mobiliario, aparatos tecnolóxicos, etc.)

O persoal que poida ter o Museo do Mar non terá en ningún caso vinculación algunha co Concello de Cedeira.

En ningún caso serán subvencionables o importe de comidas e atencións protocolarias de similar natureza, que de ser o caso serán asumidos por ingresos propios da Asociación.

Non son obxecto desta subvención os investimentos, entendendo como tales os gastos de natureza inventariable; tendo esa consideración os bens inmoables, móbiles e outros susceptibles de inventario e, en todo caso, **aqueles cun importe unitario superior a 100 €.**

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 70 % do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2027** a seguinte documentación:



1. *Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.*
2. *Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.*
3. *Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.*
4. *Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:*

Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.

- *A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.*
- *A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.*

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o perceptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

5. *Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*
6. *Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.*
7. *Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.*

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. *O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.*

NOVENA.- Duración. *O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2026.*

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2026.



DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- a) A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- b) Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a Asociación Mares de Cedeira.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente convenio, corresponderá ao Concello de Cedeira a resolución das cuestións interpretativas que poidan xurdir no exercicio das súas potestades administrativas. Igualmente, o Concello de Cedeira poderá modificar ou resolver o presente convenio por razóns de interese público, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos establecidos na normativa de aplicación.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións; na lexislación de réxime local e demais normativa administrativa que resulte de aplicación e, supletoriamente, no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado, a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira
O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

Pola Asociación Mares de Cedeira
O Presidente
Adolfo Picos Rodríguez

O SECRETARIO

Nedal Pablo Shehadeh Rey”

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, para a sinatura do convenio regulador de referencia.

CUARTO.- Conceder á entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, representada por don Adolfo Picos Rodríguez, con DNI 32611949L, unha subvención por importe máximo de **VINTE MIL EUROS (20.000,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 334.0/489.00, do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2026, tendo en conta o interese público que a mesma supón e coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento da asociación.

QUINTO.- Notificar o presente decreto á entidade interesada.

SEXTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.



15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 351/2026 DE 09.06.2026 DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE RENOVACION DOS PAVIMENTOS NAS RUAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS E OUTRAS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 351/2026 de data 09.06.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONCESION DE AMPLIACION DO PRAZO DE EXECUCION DA OBRA DE RENOVACION DOS PAVIMENTOS NAS RUAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS E OUTRAS. POS+2023

Expte.: 2025/C003/000008

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05.12.2025 foi adxudicada a obra denominada “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón” a JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. O contrato administrativo formalizouse con data 12.01.2026.

Con data 11.02.2026 formalizouse a Acta de comprobación do replanteo.

O prazo de execución deste contrato é de 4 meses, polo que debería finalizar a obra o día 12.06.2026.

En data 27.05.2026 preséntase por D. José No Varela, en representación de JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A., adxudicataria da obra referenciada, solicitude de ampliación do prazo de execución en 42 días xustificando en que debido ás condicións climatolóxicas adversas non se puideron executar os traballos de pavimentación.

En data 28.05.2026 preséntase informe da Dirección de Obra favorable á ampliación do prazo de execución solicitado polo contratista, indicando o seguinte:

“(..)

La obra dispone de un plazo contractual de ejecución de cuatro (4) meses, habiéndose formalizado el Acta de Comprobación del Replanteo con fecha 11 de febrero de 2026.

La empresa solicita una prórroga de cuarenta y dos (42) días naturales, justificando dicha petición en la imposibilidad de ejecutar los trabajos de pavimentación previstos debido a las condiciones meteorológicas adversas registradas durante el período de obra, fundamenta su solicitud en lo establecido en el artículo 542 del Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para Obras de Carreteras y Puentes relativo a la ejecución de mezclas bituminosas en caliente, donde se indica que “...no se permitirá la puesta en obra de mezclas bituminosas cuando la temperatura ambiente a la sombra sea inferior a cinco grados centígrados (5 °C), ni cuando se produzcan precipitaciones atmosféricas...”

Junto con la solicitud se aportan datos meteorológicos emitidos por Meteogalicia correspondientes al período comprendido entre el 11 de febrero de 2026 y el 27 de mayo de 2026, en los que se constata la existencia de precipitaciones durante cuarenta y dos (42) días.



Analizada la documentación presentada y las características de la obra, ubicada en el casco urbano, donde las actuaciones de pavimentación resultan especialmente sensibles por las afecciones que generan sobre la movilidad, los accesos y la vida diaria de los vecinos, así como a la inconveniencia de mantener las obras parcialmente ejecutadas durante períodos prolongados, se informa favorablemente la solicitud presentada por la empresa . .”

Con data 09.06.2026 emitíuse un informe favorable de Secretaría.

Polo tanto, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- 2.- Conceder unha ampliación do prazo de execución para a execución do contrato denominado “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón” de **corenta e dous (42) días**.
- 3.- Deberáse recepcionar este contrato como data límite o día **24.07.2026**.
- 4.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e á dirección de obra.
- 5.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 356/2026 DE DATA 10.06.2026 DE APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 356/2026 de data 10.06.2026, que di:

“Expediente: 2026/G003/000381

Asunto: APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA ANUALIDADE 2026

DECRETO DA ALCALDÍA

Mediante Decreto de Alcaldía número 350/2025 de data 09.06.2026, acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Mares de Cedeira, con CIF G70429527 para o ano 2026.

O 10.06.2026 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 20.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2026.



Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 10.06.2026 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións á concesión do anticipo da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación Mares de Cedeira”, con CIF G70429527, para que a entidade poida facer fronte aos gastos de funcionamento do ano en curso.

En base ao anterior, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 20.000,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2026 a favor da beneficiaria, Asociación Mares de Cedeira, con CIF G70429527.

SEGUNDO.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

TERCEIRO.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

17. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 14:08 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

A PRESIDENTA ACCTAL
Mª JOSÉ PERNAS DÍAZ

A SECRETARIA ACCTAL
Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE